

CONCURSO DE DISFRACES 2014

GRAN MARCHA DO ENTROIDO MECO

BASES

Con motivo da celebración do Entroido 2014, a Concellería de Cultura do Concello do Grove convoca un concurso de disfraces en función das seguintes bases:

Primeira. O desfile terá lugar o martes 4 de marzo, a partir das 17.00 h, co seguinte percorrido: O Corgo, Beiramar, Luís Casais, Castelao, Rúa da Praza e Luís Seoane.

Todos os participantes no concurso están obrigados a darlle un mínimo de dúas voltas ao percorrido deseñado para optaren a premio.

Segunda. Para optar a premio é obrigatorio realizar a inscrición na que deberán facer constar en que categoría queren participar. As inscricións serán gratúitas e realizaranse antes do comezo do desfile na mesa da organización, que estará situada na Casa do Concello desde as 15.30 h ata as 16.45 h.

Aos participantes proporcionaráselles un dorsal que identificará a categoría.

Terceira. Establécense as seguintes categorías:

- ✓ **Categoría adultos** (máis de 14 anos):
 - Grupos
 - Parellas
 - Individuais
- ✓ **Categoría infantil** (ata 14 anos):
 - Grupos
 - Parellas
 - Individuais
- ✓ **Categoría choqueiros**
- ✓ **Premio especial á mellor animación**

Cuarta. Os membros do xurado serán nomeados pola organización e a súa decisión será inapelable.

O xurado valorará a todos os concursantes durante o percorrido do desfile tendo en conta non só a categoría do disface, senón tamén a participación activa e humorística durante o desfile.

O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar deserta algunha das modalidades ou categorías ou de establecer un único premio se non se acada un mínimo de 6 participantes, ou se non se consideran cun mínimo de traballo e orixinalidade.

Quinta. O Concello do Grove reservase a potestade de fotografar os participantes, así como a utilización destas fotografías para a promoción deste.

Sexta. O pagamento dos premios faráselles ás persoas ou entidades que figuran na inscrición do concurso, nas dependencias do edificio administrativo municipal. Estas deberán presentar o certificado do premio correspondente e o seu DNI.

Sétima. O Concello do Grove, como organizador deste evento, pode contratar servizos ou establecer convenios de colaboración para a súa xestión ou realización con terceiros, tendentes a mellorar a organización e difusión deste e das actuacións que nel se realicen, tanto por medios audiovisuais e sonoros, radiofónicos, televisivos ou internet, renunciando expresamente os participantes –coa aceptación destas bases– a calquera reclamación por posibles difusión ou explotacións, que será, en todo caso, responsabilidade do Concello do Grove.

Oitava. Calquera aspecto non contemplado nestas bases pode ser modificado pola organización, en beneficio do bo funcionamento do concurso.

Novena. A mera participación no Concurso de Disfraces da Gran Marcha do Entroido Meco supón a total aceptación de todas e cada unha das cláusulas das presentes bases.

PREMIOS

CATEGORÍA: ADULTOS (máis de 14 anos)

Grupos

Primeiro premio: 600 euros
Segundo premio: 400 euros
Terceiro premio: 200 euros

Parellas

Primeiro premio: 200 euros
Segundo premio: 150 euros
Terceiro premio: 100 euros

Individuais

Primeiro premio: 150 euros
Segundo premio: 100 euros
Terceiro premio: 50 euros

CATEGORÍA: INFANTIL (ata 14 anos):

Grupos

Primeiro premio: 200 euros
Segundo premio: 100 euros
Terceiro premio: 50 euros

Parellas

Primeiro premio: 100 euros
Segundo premio: 75 euros
Terceiro premio: 50 euros

Individuais

Primeiro premio: 75 euros
Segundo premio: 50 euros
Terceiro premio: 30 euros

CATEGORÍA: CHOQUEIROS

Primeiro premio: 50 euros
Segundo premio: 40 euros
Terceiro premio: 30 euros

PREMIO ESPECIAL Á MELLOR ANIMACIÓN

O premio especial á mellor animación poderá recaer en calquera disfrace de calquera categoría, independentemente de que fose premiado ou non. Tamén poden participar nesta categoría as comparsas, con inscrición previa.

Premio único: 300 euros

Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile.